

Ceos de metal

Baixo a rúbrica de Colección Catavento presentou non hai moito Edicións Tambre unha nova batería narrativa que xa deu ó mercado os seus primeiros froitos: un libro de relatos de Paco Martín e novelas de Antonio García Teijeiro, Paula Carballeira e Xosé Manuel Martínez Oca. Aínda que dirixida principalmente ó publico xuvenil, algúns dos textos que nela se inclúen son susceptibles dunha lectura adulta que os fai ambivalentes. Unha crítica de Armando Requeixo.

- 11:56 25/03/2003

É este o caso de *Todo o peso do ceo*, de Martínez Oca, un narrador de ampla e recoñecida traxectoria ó que a esquelética lapela do libro non lle fai xustiza, pois sendo verdade que é “autor dunha prolífica obra centrada fundamentalmente no eido da narrativa para adultos” e que “algúns dos seus traballos literarios foron merecentes de importantes distincións, coma o Premio Blanco Amor de 1983”, o certo é que Martínez Oca é un escritor de sólida e variada produción, que se iniciou como poeta na prensa dos sesenta, se afianzou como narrador nos oitenta e mesmo cultivou ocasionalmente a tradución. Títulos como *A escura chamada dos cavorcos* (1981), *A espada na auga* (1981), *As florestas do Mañuema* (1988), *Diario de inverno* (1994) ou *Náufragos en terra* (1995) son unha boa mostra da solvencia narrativa que gaña para este autor a máis seria consideración.

Todo o peso do ceo é unha novela a contraperspectiva. A “épopéa” dos seitureiros galegos en Castela é relatada non dende a saudade dos mesmos en terra allea, non dende o choro esgazador dos familiares que dende Galicia os ven marchar, senón dende a consideración daqueles casteláns que os reciben, dende os ollos dun neno que ve neles un pobo diferente, distinto, tal vez porque, como confesa un dos personaxes do libro explicando de paso o título do mesmo, ós de Castela “pésavos moito o ceo enriba da cabeza. Como todo é raso e non hai un alto nin un monte que terme un pouco del, o ceo plántasevos enteiro enriba do cabazo a premervos os miolos e de resultas deso hai veces que vos dan uns arrancos perigosos” (p. 45).

De por parte, a novela é tamén un canto á infancia, ó tempo dos soños inocentes, dos afectos sinceros, lonxe dos intereses creados. Unha narración que contrapuntisticamente opón dous tempos graficamente diferenciados a través do uso da cursiva, un deles o do neno castelán propiamente dito e outro o dese neno feito mozo, emigrante e traballador nas históricas folgas da minería asturiana durante a posguerra.

Toda a miseria e o abraio humanos teñen cabida no escaso cento e medio de páxinas do libro. O amor idealizado, ensoñado e maila paixón carnal, sanguínea, a amizade leal e sen reservas e tamén as relacións de poder intereseiras, o respecto interclasista e a marxinação social. E é que Martínez Oca consegue en *Todo o peso do ceo* algo ben difícil nestes tempos que corren: contar unha historia e contárnola de xeito interesante. Semella sinxelo, pero non o é.